

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 1 de 20

Control de Versións:		
Versión	Data	Descrición
0.0	08/02/2011	Elaboración protocolo
0.1	02/03/2011	Texto definitivo con Incorporación de alegacións SX de Familia e Menores
0.2	26/11/2012	Adaptación do texto á seguintes normativa: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Decreto 254/2011 de 23 de decembro polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia</li> <li>- Lei 17/2011, de 5 de julio, de Seguridad Alimentaria y Nutrición</li> <li>- Decreto 132/2010, de 12 de febrero, por el que se establecen los requisitos mínimos de los centros que impartan las enseñanzas del segundo ciclo de la educación infantil, la educación primaria y la educación secundaria.</li> </ul>

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REVISAR: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 2 de 20

## 1.- Definición

O presente protocolo ten por obxecto servir como guía informativa sobre a actuación da unidade de inspección, definindo as canles para o exercicio dos dereitos e das obrigas das entidades, clarificando a finalidade dos diferentes escritos e recomendacións, evitando interpretacións diferenciadas ou inexactas e procurando a colaboración coas entidades e o asesoramento na procura da mellora continua dos servizos sociais.

## 2.- Misión da inspección de familia e menores

Verificar o cumprimento da normativa aplicable ás entidades, centros e programas de servizos sociais, tanto públicos como privados, que leven a cabo a súa actuación dentro do territorio da Comunidade Autónoma Galega, no eidos de menores, familia e infancia. Non obstante neste protocolo trataranse aspectos relativo ás inspeccións das escolas infantís, puntos de atención á infancia, ludotecas e espazos infantís, co obxecto de garantir os dereitos das persoas usuarias e a procura continua da mellora da calidade dos servizos, mediante:

- O asesoramento no cumprimento da normativa.
- O asesoramento na difusión de boas prácticas.
- A inspección dos servizos e programas.
- A proposta de incoación do correspondente expediente sancionador ao órgano competente en caso de ser necesario.
- O seguimento das distintas axudas, concedidas a través da Consellería de Traballo e Benestar e a verificación da súa aplicación á finalidade para a que son concedidas, así como a avaliación do grao de aproveitamento das mesmas e do beneficio que reverte na cidadanía.

## 3.- Plan de inspección

A actividade inspectora organízase de conformidade coas directrices e coas prioridades acordadas no plan anual de inspección

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REVIS: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	
	VERSION 0.2	Páxina 3 de 20

O plan de inspección fixará os obxectivos anuais da unidade en relación cos servizos existentes no momento no que se elabore. Ademais recollerá os datos referidos ao ano anterior e avaliará o grao de cumprimento da planificación realizada.

*Normativa de referencia:*

- ✓ **Lei Orgánica 2/2006**, de 3 de maio, de Educación (BOE nº 106, do 4 de maio de 2006).
- ✓ **Decreto 330/2009**, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na comunidade autónoma de Galicia(DOG 23/06/2009).
- ✓ **Lei 13/2008 de 3 de decembro**, de servizos sociais de Galicia.
- ✓ **Lei 17/2011, de 5 de xullo**, de seguridad alimentaria y nutrición
- ✓ **Decreto 254/2011, do 23 de decembro**, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- ✓ **Decreto 329/2005, do 28 de xullo**, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- ✓ **Decreto 354/2003, do 16 de setembro**, polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais e se establecen os seus requisitos.
- ✓ **Decreto 245/2003, de 24 de abril**, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- ✓ **Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro**, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería.
- ✓ Ordes anuais polas que se regulan as axudas a escolas infantís municipais e escolas infantís dependentes de entidades privadas de iniciativa social.
- ✓ Ordes anuais reguladoras do programa de cheque infantil ou outro tipo de axudas con fondos públicos.

#### 4. Control da legalidade

As funcións de control da legalidade vixente instrumentaranse a través de:

1) A realización de controis documentais periódicos, xeralmente anuais, dos servizos sociais en funcionamento, en aspectos referidos ao mantemento e as revisións periódicas das instalacións, pólizas de seguros, carteira de servizos e recursos humanos empregados. Na medida do posible, facilitarase o cumprimento desta obriga mediante medios informáticos ou telemáticos (fundamentalmente a través da

ELABORA: SERVICIO INSPECCION	REVISAR: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS	APROBA: SX TECNICA
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 4 de 20

cumprimentación de datos e o envío da documentación a través do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais, en adiante RUEPSS)

2) Realización de visitas de inspección aos servizos sociais para a comprobación do cumprimento dos requisitos legalmente esixidos pola normativa específica en materia de servizos sociais, con carácter previo ao inicio das actividades e posteriormente, durante o seu funcionamento

2.1) Tipos de visitas de inspección:

- **Inspección inicial:** Esta inspección realízase con carácter previo á concesión de calquera das autorizacións de inicio de actividades tanto de centros como de servizos complementarios de titularidade pública e privada, como de modificación substancial (no caso de que a visita de inspección sexa necesaria por razón da obra de adecuación realizada)
- **Inspección ordinaria:** Inspección periódica e planificada prevista no plan de inspección, cuxa finalidade é controlar o cumprimento da normativa vixente, tanto nos aspectos estruturais coma nos funcionais. No caso de que o centro ou programa inspeccionado non rexistre deficiencias graves que poidan ser constitutivas de infracción administrativa realizarase un control da calidade do servizo que presta mediante a verificación de determinados aspectos protocolarizados anualmente e que pretenden determinar o nivel de calidade e a detección de determinadas áreas de mellora no seu funcionamento (xuntase como anexo I o cuestionario previsto para o curso 2012-2013).
- **Inspección extraordinaria:** promovida por orden do órgano superior ou instada pola previa presentación dunha queixa ou denuncia dunha persoa, usuaria do servizo ou non, pero que está debidamente identificada e está lexitimada para presentala
- **Inspección de asesoramento:** Este tipo de visitas realízase a proposta do órgano superior e a solicitude da entidade titular, e ten por finalidade a emisión por parte do persoal inspector dun informe sobre a viabilidade de determinados equipamentos, sobre os dereitos e deberes das entidades prestadoras e das persoas usuarias ou sobre a forma de cumprir coas disposicións vixentes na materia.

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REVIS: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	
	VERSION 0.2	Páxina 5 de 20

### a) Inicio da actuación inspectora

1. Todas as visitas de inspección, agás as de asesoramento e as previas á concesión da autorización de inicio de actividade, realizaranse tanto en centros e programas, públicos como privados, sen previo aviso á entidade obxecto da inspección. As visitas aos distintos centros e programas, levaranse a cabo segundo o establecido no plan de inspección elaborado previamente e baixo criterios de obxectividade e imparcialidade.

No caso das inspeccións de asesoramento ou de inicio de actividades, o persoal inspector porase en contacto coa entidade titular con carácter previo á realización da inspección, mediante comunicación telefónica, informándoa da data prevista para a visita, así como da documentación que debe estar dispoñible para a súa comprobación por parte do persoal inspector

Para calquera aclaración sobre esta comunicación poderase contactar co servizo de inspección no enderezo de correo electrónico ou nos seguintes teléfonos:

Teléfonos: 981 545 688 - 981 547 681- Fax: 981 957 697

E-mail: [inspeccion.familiaemenores@xunta.es](mailto:inspeccion.familiaemenores@xunta.es)

2. O persoal inspector presentarase no centro ante a persoa que estea a cargo do centro ou programa nese momento, informándoa sobre o obxecto da visita, e acreditando a súa condición mediante a presentación da correspondente tarxeta identificativa. A visita de inspección poderase realizar en presenza do persoal que a entidade designe ao efecto. O encargado do centro poderá chamar a calquera persoa responsable do centro ou da entidade titular, sen prexuízo de atender os requirimentos do persoal inspector. Non é necesario que sexa acompañado en todo momento na visita, cando isto poda supoñer a interrupción do labor ou a desatención das funcións propias do persoal da escola.
3. O impedimento de acceso ao centro, a calquera parte das instalacións, ou á documentación solicitada será recollida en acta tipificándose como obstrución á labor inspectora.
4. O persoal inspector poderá realizar as entrevista individuais que estime conveniente coas persoas usuarias, os/as educadores/as, os/as técnicos/as ou restante persoal da entidade competente por razón das funcións que realicen.

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REVIS: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 6 de 20

5. O persoal inspector está facultado para realizar todo tipo de comprobacións materiais, de documentos e de análises da calidade, así como realizar todas as investigacións que estime axeitadas no cumprimento das súas funcións.
6. Se no exercicio da función inspectora así se considerase oportuno, o persoal inspector poderá emprazar nas oficinas da administración ás persoas responsables do centro ou programa ou representantes legais da entidade titular.
7. O persoal inspector comprobará que a entidade titular mantén actualizados os datos que obran no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, e a veracidade dos mesmos.

## **b) Actuación inspectora**

A información rexistrada no RUEPSS, así como aquela documentación remitida no control de legalidade anual e aquela derivada das anteriores inspeccións será a información básica de contraste da que dispón o persoal inspector con carácter previo á visita. Calquera inexactitude, falsidade ou irregularidade que se constate na visita sobre o manifestado, publicitado ou rexistrado, recollerase na acta.

Nas visitas de inspección o persoal inspector verificará o cumprimento dos seguintes aspectos:

### **I.- Procedemento de supervisión das instalacións**

Realizarase un percorrido polas instalacións e un exame ocular das mesmas,

- Para verificar o nivel de accesibilidade, de seguridade e de hixiene das instalacións.
- Para comprobar o uso das instalacións segundo as autorizacións concedidas en función do proxecto achegado. Comprobarase que non se están a utilizar espazos non autorizados inicialmente ou en posteriores modificacións substanciais e que estes espazos son utilizados coa finalidade para a que foron autorizados.

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REVISAR: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 7 de 20

- Revisarase o estado de conservación das instalacións e do mobiliario, así como a adecuación dos mesmos aos fins obxecto da prestación.
- Revisarase o cumprimento das esixencias estruturais e materiais das estancias segundo o recollido no Decreto 329/2005 de 28 de xullo, polo que se regulan os requisitos dos centros de menores e de atención á infancia (zonas de aseo e hixiene, zonas de descanso, zonas de usos múltiples...), e na taboa de criterios técnicos para centros de atención á infancia elaborada pola consellería. ([http://avepss.traballoeibenestar.xunta.es/documentacion/criterios\\_tecnicos\\_creacion\\_centros\\_atencion\\_infancia.pdf](http://avepss.traballoeibenestar.xunta.es/documentacion/criterios_tecnicos_creacion_centros_atencion_infancia.pdf))

A estes efectos lémbrese que os cristais deben ser de seguridade por debaixo de 1.50 metros, ou cando menos, estar protexidos mediante a cobertura de feltros adhesivos. Os enchufes e as luminarias deben ser de seguridade ou estar debidamente protexidos para evitar, neste caso, a caída de anacos de cristal ao chan no caso de rotura.

Comprobarase ademais que non existen elementos perigosos nas instalacións e/ou no mobiliario que poidan supoñer un risco para os/as nenos/as, como bordes pronunciados, saíntes, esquinas perigosas, mobiliario susceptible de producir estelas, xoguetes de pequenas dimensións que poidan supoñer unha obstrución das vías respiratorias dos/as menores, etc.

As portas de tránsito das zonas dos nenos e das nenas, deberán dispoñer de protección antipillados, ou de ser o caso, portas deseñadas con sistema estrutural alternativo.

Os pavimentos interiores deben ser de material cálido, continuo, liso e antiesvarante como linóleo ou similar.

O patio exterior de xogos debe estar delimitado e protexido ata unha altura de 1,5 metros. O pavimento debe ser dun material axeitado (céspede, caucho, ou algún outro material brando e antiesvarante).

- Supervisarase a vixencia dos requisitos de seguridade contra incendios e de todos aqueles elementos que podan supoñer un risco para as persoas usuarias. (data da revisión dos extintores e detectores de fume, planos de evacuación visados por técnico competente, saídas de emerxencia sinalizadas, iluminación

ELABORA: SERVICIO INSPECCION	REVISAR: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS	APROBA: SX TECNICA
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	
	VERSION 0.2	Páxina 8 de 20

de emerxencia instalada, vías de evacuación transitables e libres de obstáculos, inscrición do plan de autoprotección no rexistro autonómico creado ao efecto, (pode consultar máis datos en: <https://sede.xunta.es/detalle-procedemento?codCons=PR&codProc=485A>) así como verificar a implementación do mesmo...

- Comprobarase que o nivel de hixiene do centro é o axeitado. Poderá constatarase este extremo, ademais de a través de inspección ocular das instalacións, mediante a comprobación das últimas actas da inspección de sanidade, certificacións de empresas DDD (desinfección, desratización, desparasitación) e sistema de análises de perigos e puntos críticos de control.
- Comprobarase que se cumpren os requirimentos establecidos no artigo 40 da lei 17/2011, de 5 de julio, de Seguridad Alimentaria y Nutrición. Verificarase que os menús están expostos e foron elaborados por profesionais con formación acreditada en nutrición humana e dietética, e que a comida servida coincide con este menú. Calquera variación debe ser rexistrada e asinada polo responsable, anotándose a data, a dieta alternativa servida así como o motivo desta variación, dando conta aos pais, nais ou representante legal dos/as nenos/as..

As escolas infantís proporcionarán ás familias, tutores ou responsables de todos os comensais, incluídos aqueles con necesidades especiais (intolerancias, alerxias alimentarias u outras enfermidades que así ou exixan), a programación mensual dos menús, da forma máis clara e detallada posible, e orientarán con menús adecuados, para que a cea sea complementaria co menú do mediodía. Se garantirán menús alternativos no caso de intolerancia ao gluten.

A información sobre os citados menús será accesible a persoas con calquera tipo de discapacidade, cando así se requira.

## II. Procedemento de supervisión dos recursos humanos

Mediante este procedemento comprobarase o grao de cumprimento da normativa específica e xeral en materia de recursos humanos. A este respecto verificarase mediante comprobación documental:

ELABORA: SERVICIO INSPECCION	REVIS: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS	APROBA: SX TECNICA
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012



Código: PC-I-02	PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	
	VERSION 0.2	Páxina 9 de 20

- A modalidade de contratación e a xornada laboral (contratos).
- Os TC2.
- A efectiva substitución de baixas.
- A adecuación da categoría profesional ás funcións realizadas.
- As acreditacións do estado de saúde do persoal mediante a correspondente revisión médica anual.
- Os certificados de formación en hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos.
- Os documentos que acrediten coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- Os documentos que acrediten a vacinación contra a rubéola daquelas persoas incluídas nos grupos de risco.
- A verificación da adscripción do persoal ás funcións encomendadas en función da titulación esixida ao longo da xornada ordinaria. Para a constatación destes aspectos poderanse realizar entrevistas persoais cos profesionais do servizo , contrastando a información xeral e específica obtida (cronogramas, cadros de quendas, cronogramas...) coa que dispón o persoal inspector e a constatada mediante a inspección ocular.
- Neste ámbito tamén se poderán observar outros indicadores como a continuidade e a estabilidade no emprego, co obxecto de favorecer un nivel óptimo de calidade na prestación do servizo.

### III. Procedemento para a supervisión de ratios

- Constatación contratación do persoal mínimo esixido por unidade/veno/a.
- Verificación das capacidades máximas autorizadas en cada unha das unidades.
- Cumprimento das ratios de persoal total establecidas, no horario completo, en función do tipo de centro e do rango de idade dos/as menores.

ELABORA: SERVICIO INSPECCION	REVISAR: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS	APROBA: SX TECNICA
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 10 de 20

### Escolas infantís:

- Unidades 0-1: 8 usuarios/as, a cargo dun/ha educador/a.
- Unidades 1-2: 13 usuarios/as, a cargo dun/ha educador/a.
- Unidades 2-3: 20 usuarios/as, a cargo dun/ha educador/a.
- Agrupacións 0-2: 10 usuarios/as, a cargo dun/ha educador/a.
- Agrupacións 0-3: 15 usuarios/as, a cargo dun/ha educador/a.

As escolas infantís deben dispoñer para a concesión do permiso de creación de polo menos tres aulas, unha por cada grupo de idade, de 0 a 3 anos.

Por razóns de escasa demanda, para un curso escolar concreto, poderán autorizarse menos de 3 unidades, sempre que se cubra o ciclo completo, mediante agrupacións de 0-3 anos para escolas que funcionen con unha única unidade, ou de 0-2 e 2-3 para escolas que funcionen con dúas unidades.

Cada aula acollerá unicamente unha unidade que terán como máximo o numero de alumnos/as enriba sinalado a cargo de polo menos un/ha educador/a,

A maiores do persoal educativo a escola debe dispoñer durante todo o horario da escola, dunha persoa de apoio cunha das titulacións reguladas no apartado b.2) do artigo 27.2 do Decreto 329/2005, de 28 de xullo en consonancia co artigo 8 do Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, por el que se establecen los requisitos mínimos de los centros que impartan las enseñanzas del segundo ciclo de la educación infantil, la educación primaria y la educación secundaria.

A estes efectos, unicamente serán admitidas como válidas, as titulacións oficiais ou homologadas polo órgano competente, que acrediten o título de Grao que habilite para el exercizo da profesión de mestre de educación infantil, o título de Mestre coa especialidade de educación infantil, ou o título de Técnico Superior en Educación Infantil

ELABORA: SERVICIO INSPECCION	REVIS: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS	APROBA: SX TECNICA
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 11 de 20

Calquera modificación sobre as agrupacións autorizadas no permiso de inicio de actividades deberá ser previamente comunicada ao Servizo de Inspección e autorizada polo órgano competente, mediante a tramitación do preceptivo expediente administrativo, no que se verificará que as aulas reúnen os requisitos axeitados para a prestación do servizo aos tramos de idade correspondentes.

Quedan excluídas desta obriga as agrupacións que se leven a cabo na primeira hora da mañá ou nas últimas da quenda de tarde motivadas pola ausencia significativa de nenos/as no centro.

En todo caso estas agrupacións deben ser recollidas no regulamento de réxime interno ou normas de funcionamento do centro para o coñecemento por parte da familia dos/as menores.

#### Outras tipoloxías:

##### 1) Puntos de atención á infancia (PAIs)

A ratio de nenos/as por aula/educador/a, neste suposto, será de 1/20 nenos/as de ata 3 anos

En todo caso, deben contar durante todo o horario do centro cunha persoa auxiliar a maiores do persoal que atenda ao grupo.

##### 2) Ludotecas:

- A ratio de nenos/as/monitores/as por sala será de 1/15 nenos/as menores de 3 anos
- A ratio de nenos/as/monitores/as por sala será de 1/25 nenos/as de 3 a 6 anos
- A ratio de nenos/as/monitores/as por sala será de 1/30 nenos/as maiores de 6 anos

As ludotecas deben dispoñer de un/ha coordinador/a e un/ha monitor/a por cada un dos grupos, con algunha das titulacións reguladas no artigo 7 do Decreto 354/2003, do 16 de setembro, polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais e se establecen os seus requisitos.

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REvisa: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 12 de 20

### 3) Espazos infantís:

- A ratio de nenos/as por aula/educador/a, neste suposto, será de 1/15 nenos/as de entre 2 e 4 anos.
- A ratio de nenos/as por aula/educador/a, neste suposto, será de 1/20 nenos/as de entre 5 e 8 anos.

Non se admitirán neste tipo de centros nenos que non teñan os 2 anos cumpridos.

Os espazos infantís deben dispoñer a maiores durante todo o horario do centro dunha persoa de apoio.

Verificarase mediante os rexistros de asistencia que a estancia semanal dos menores non é superior ás 15 horas.

## **IV. Procedemento de supervisión da garantía dos dereitos das persoas usuarias**

Na visita de inspección verificaranse os seguintes extremos:

- Vixencia e alcance dos seguros obrigatorios de danos, responsabilidade civil e de accidentes. Para isto examínanse as pólizas ou os certificados das compañías aseguradoras e os recibos bancarios actualizados, agás cando esta información xa obre no poder da administración.
- Existencia dun libro de rexistro (ou rexistro informático) de persoas usuarias, debidamente actualizado, no que se inclúan os datos identificativos dos/as nenos/as, nomes, apelidos, data de nacemento, as datas de alta e baixa no centro e os motivos desta. Poderá cotexarse os datos que figuran no libro se corresponden coa ocupación real da escola.
- Existencia e dispoñibilidade do libro de reclamacións, con follas autocopiativas por triplicado, e/ou dun procedemento que garanta a xestión das queixas presentadas.

No taboleiro do centro informarase da súa dispoñibilidade e proporcionaráselles ás persoas usuarias (familias e persoas que dispoñan dun interese lexítimo) que desexen presentar unha reclamación polo funcionamento do centro. Entregaráselle copia da reclamación presentada, e remitirase outra das copias, xunto cun informe

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REVISAR: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 13 de 20

do sucedido e das medidas adoptadas ao respecto, ao servizo de inspección nun prazo máximo de 3 días hábiles, por calquera destes medios:

1. Correo ordinario ou entrada en calquera dos rexistros da administración autonómica, ou nos lugares admitidos conforme ao artigo 38.4 da Lei 30/1992 das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no seguinte enderezo:

*Servizo de Inspección de Familia e Menores.  
Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais.  
Secretaría Xeral Técnica.Consellería de Traballo e Benestar.  
Edificio Administrativo de San Caetano.  
15781 Santiago de Compostela*

2. Fax: 981 957 697

3. E-mail:[inspeccion.familiaemenores@xunta.es](mailto:inspeccion.familiaemenores@xunta.es)

- Existencia e dispoñibilidade dunha caixa de suxestións e verificación do tratamento das propostas realizadas polas persoas usuarias, e/ou dun procedemento que garanta a xestión das suxestións presentadas.
- Existencia e dispoñibilidade do regulamento de réxime interno ou normas de funcionamento do centro debidamente visado polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais. (Xúntase como anexo II o documento co contido mínimo que debe recollese)
- Existencia de matrícula ou contrato entre a escola e os pais e/ou nais do/a/s neno/a/s, no que quede recollida o coñecemento e aceptación das normas de funcionamento do centro, actividades, servizos e prezos.
- Verificación do cumprimento da normativa en materia de protección de datos (registro das bases de datos na AEPD, autorizacións expresas para o tratamento de datos, imaxes ou utilización de cámaras)
- Exposición en lugar visible da documentación obrigada (autorización de inicio de actividades, licenza municipal, menús, aviso de dispor de libro de reclamacións,

ELABORA: SERVICIO INSPECCION	REvisa: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS	APROBA: SX TECNICA
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 14 de 20

regulamento de réxime interno ou normas de funcionamento do centro, prezos ou tarifas, horarios e períodos de apertura).

- Nivel de satisfacción das familias respecto do servizo (valorarase como un indicador de calidade a realización de enquisas anónimas ás persoas beneficiarias do servizo)

## **V. Procedemento de supervisión da metodoloxía de intervención e dos aspectos pedagóxicos.**

Exclusivamente para escolas infantís e puntos de atención á infancia:

Este procedemento ten por obxectivo a verificación da axeitada intervención pedagóxica da escola, de acordo co establecido na Lei Orgánica de Educación e restante normativa de aplicación, así como do recollido no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Exame do proxecto educativo, entendido como un documento de carácter programático no que despois de ter feita unha pormenorizada análise da situación de partida, desde o centro déixanse claros cales son os principais trazos de identidade da escola, ao tempo que se expresan as intencións da Comunidade Educativa respecto dos principios educativos, dos obxectivos e da organización que inspiran a elaboración dos demais proxectos e vertebran a xestión participativa da escola.
- Exame da Proposta Pedagóxica do centro, regulada na Lei 2/2006, de Educación. Este instrumento de planificación forma parte do Proxecto educativo de centro e debe ser coherente cos principios que fundamentan, dan sentido e orientan os diferentes proxectos, plans e actividades do centro. Con independencia de si se opta por eixes organizadores ou vertebradores da programación, centros de interese, proxectos de investigación...é importante que se decida o modelo que axude a concretar as diferentes unidades de programación.

Na proposta pedagóxica valorarase:

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REvisa: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 15 de 20

- A concreción dos obxectivos de etapa e ciclo, dos contidos educativos e dos criterios de avaliación en unidades de programación integradoras para cada curso.
- As medidas de atención individualizada e de atención á diversidade.
- As medidas para traballar a coeducación.
- A planificación educativa dos espazos e a organización do tempo.
- Os criterios de selección e uso dos recursos materiais.
- O carácter globalizador da intervención educativa.
- O desenvolvemento das potencialidades dos nenos e das nenas.
- O tratamento lingüístico do centro
- As actuacións previstas para a colaboración permanente coas familias.
- As pautas para a coordinación dos distintos profesionais que interveñen no centro.
- As medidas para avaliar o desenvolvemento dos nenos e das nenas nos ámbitos de aprendizaxe, a planificación educativa, o traballo do equipo educativo e de servizos, e a relación coas familias.

A estes efectos analizarase a adecuación das unidades de programación.

- Comprobarase a existencia e a adecuación da planificación temporal das actividades (rutinas diarias de traballo).
- Comprobaranse si levan a cabo actividades introdutorias ás novas tecnoloxías.
- Comprobaranse os documentos acreditativos de entrevistas iniciais aos pais onde se recollan datos evolutivos e hábitos do/da menor e si o protocolo de actuación no período de adaptación existe e é axeitado.

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REVIS: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 16 de 20

- Constatarse si existe constancia escrita da realización de reunións de coordinación entre o persoal do centro para a elaboración do proxecto educativo, a proposta pedagóxica e a programación das actividades.

Para escolas infantís, puntos de atención á infancia, espazos infantís e ludotecas

- Comprobarase si existen rexistros individuais diarios sobre entrega e recollida dos/as nenos/as, alimentación, hixiene, descanso, incidencias e proposta de traballo diario.
- Valorarase a programación de actividades complementarias como obradoiros, saídas culturais, bibliotecas.
- Verificarase o sistema de seguimento e comunicación (libretas de incidencias diarias, reunións, notificación das avaliacións periódicas...). Comprobarase si se realizan contactos de información e asesoramento ás familias de forma individual (entrevista inicial e titorías a demanda tanto do centro como das familias) e información colectiva mediante a convocatoria de reunións, organización de obradoiros para asesoramento ás familias sobre temas relacionados coa infancia, escolas de pais...
- Participación das familias na actividade do centro, participando na planificación de actividades extraescolares, obradoiros...
- Verificarase a coordinación con outros servizos comunitarios ou especializados (atención temperá, servizos comunitarios de atención primaria...) co fin de favorecer a integración de nenos/as con necesidades educativas especiais e/ou de familias en situación de exclusión social ou en risco de padecela.
- Poderá examinarse mediante mostraxe aleatorio os expedientes individuais das persoas usuarias. No exame dos expedientes comprobarase que en cada un deles constan os seguintes documentos:
  - Ficha dos/as usuarios/as cos datos identificativos dos/as nenos/as e dos pais ou titores.
  - Autorizacións para a recollida dos/as nenos/as a terceiras persoas.

ELABORA: SERVICIO INSPECCION	REvisa: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS	APROBA: SX TECNICA
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012



Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 17 de 20

- Autorización para a medicación (en caso de procederse á medicación dos nenos esixírase receita médica ou informe do facultativo)
- Autorización para a toma de fotografías ou gravación en vídeo.
- Datos de escolarización.(informes sobre a evolución do/a menor, resultados das avaliacións...)

## **VI. Procedemento de supervisión de subvencións concedidas.**

As escolas infantís de titularidade municipal ou de entidades privadas de iniciativa social, perceptoras das subvencións convocadas anualmente para este tipo de centros, serán obxecto de inspección para a comprobación da execución da actividade subvencionada, de conformidade coas condicións declaradas no momento da súa concesión (núm. unidades, servizos complementarios, antigüidade, etc).

## **VII. Procedemento de supervisión do programa de cheque infantil.**

Comprobarase que os nenos das familias perceptoras de cheque infantil realmente estean matriculados e asistan con regularidade á escola.

Comprobarase así mesmo que a contía que se percibe derivada do cheque infantil, ben sexa por asistencia (media xornada ou xornada completa) ou comedor, non sexa superior ás prezos establecidos pola escola.

## **VIII. Procedemento de xestión de denuncias.**

As denuncias recibidas no Servizo de Inspección de Familia e Menores poderán ser presentadas mediante comparecencia persoal do/a denunciante, mediante correo ordinario, correo electrónico, fax ou telefonicamente.

Se a denuncia se produce presencial ou telefonicamente levantarase dilixencia cos datos identificativos da persoa que denuncia e dos feitos relevantes extraídos da conversa.

En todo caso, a persoa denunciante debe identificarse. As denuncias anónimas soamente serán atendidas de oficio, cando pola existencia de outras informacións

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REVIS: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 18 de 20

concorrentes ou feitos conexos, poidan ser apreciados nas mesmas indicios de veracidade sobre os feitos denunciados.

Unha vez aberto expediente da queixa-denuncia, o persoal inspector realizará visita de inspección ao centro ou solicitará informe ao centro sobre o particular. Na visita contrastarase a información subministrada mediante inspección ocular, consulta documental e/ou toma de declaración das partes implicadas. Da inspección realizada se levantará acta e se remitiran os requirimentos necesarios cando proceda ou se considere oportuno. A inspección protexerá a identidade da persoa denunciante, agás que esta conceda expresamente o seu consentimento para poñela en coñecemento do/a denunciado/a

Poderá solicitarse informe aos responsables da escola ou a entidade titular ben con anterioridade á visita de inspección ou despois da mesma.

Unha vez elaborado o informe polo persoal inspector, contestarase á persoa denunciante nun prazo máximo de 15 días (salvo que pola solicitude de informes ou outras circunstancias extraordinarias sexa preciso ampliar o prazo, do cal se lle dará conta) informando sobre a efectiva constatación ou non dos feitos denunciados e se é o caso sobre as medidas adoptadas (requirimentos efectuados, medidas correctoras adoptadas, apertura de expediente sancionador, información sobre as vías legais para derivar responsabilidades cando a competencia se atribúa a outros órganos ou sobre outras medidas pertinentes ao caso en particular).

### **VIII.- Información básica a ter en consideración durante unha inspección**

- Antes do inicio da visita o persoal inspector identificarase mediante unha tarxeta acreditativa da súa condición.
- A inspección deberá desenvolverse procurando non interromper ou alterar o desenvolvemento normal das actividades e respectando a intimidade e a confidencialidade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso como consecuencia da súa actividade.
- As entidades están obrigadas a colaborar e facilitar a actividade inspectora.

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REVISAR: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	VERSION 0.2	Páxina 19 de 20

- A inspección debe efectuarse en presenza do persoal titular ou dunha persoas responsable do servizo.
- As actuacións da inspección poden iniciarse de oficio, por iniciativa propia do órgano competente, orden superior, petición razoada doutros órganos, denuncia, reclamación ou queixa.
- Unha vez efectuadas as comprobacións oportunas, o persoal inspector estenderá un acta numerada en exemplar autocopiativo na que se farán constar entre outros extremos: a descrición dos feitos constatados, deficiencias detectadas, infraccións cometidas, se é o caso, e as recomendacións que se estimen oportunas para a mellora do servizo.
- Cando as inobservancias foran de doada emenda, o persoal inspector poderá formular os requirimentos e advertencias que considere oportunos na mesma acta, consignando os aspectos susceptibles de emenda e o prazo e forma para acreditar o seu cumprimento.
- A acta de inspección será asinada polo persoal inspector e farase entrega dunha copia á persoa que asine a súa recepción, a cal poderá realizar na mesma acta as alegacións que considere procedentes. No caso de rexeitar a súa sinatura e/ou a súa entrega, farase constar expresamente a dita circunstancia e nos tres días hábiles seguintes ao día da inspección, remitirase un exemplar da mesma por calquera dos medios previstos na lexislación vixente.
- A acta de inspección, xunto coa información recollida a través do cuestionario de calidade (xúntase como anexo I a este protocolo) servirá de base para a elaboración dun informe no que se farán constar con mais detalle as actuacións inspectoras realizadas, os feitos constatados e outras informacións e conclusións derivadas da visita, da documentación achegada e/ou das entrevistas realizadas.
- Como resultado das actuacións inspectoras poderase requirir por escrito á entidade titular do servizo a emenda dos incumprimentos ou irregularidades detectadas, e que xa se recolleron na acta de inspección, indicando as medidas que deben adoptarse, a forma de acreditar o seu cumprimento así como o prazo máximo para facelo (como norma xeral 1 mes, salvo incumprimentos que requiriran actuacións urxentes ou obxectivos a medio ou longo prazo). Nesta comunicación poderanse

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REvisa: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012

Código: PC-I-02	<b>PROTOCOLO DA INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS SOBRE OS CENTROS DE ATENCIÓN Á INFANCIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.</b>	
	<b>VERSION 0.2</b>	<b>Páxina 20 de 20</b>

incluír recomendacións para mellorar/aumentar a calidade, a transparencia dos servizos ou a atención ás persoas usuarias.

Para consultar outros servizos que presta a Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, coñecer os seus compromisos de calidade e realizar calquera consulta ou presentar calquera reclamación sobre o seu funcionamento pode dirixirse ao seguinte enderezo web:

<http://traballo.xunta.es/serviciosociais/axudenosmellorar.html>

<b>ELABORA: SERVICIO INSPECCION</b>	<b>REvisa: SX AUTORIZACION E INSPECCION DE SERVICIOS SOCIAIS</b>	<b>APROBA: SX TECNICA</b>
Asdo: ROBERTO FERNANDEZ COUCE	Asdo: PATRICIA OLVEIRA TIMIRAOS	Asdo: CRISTINA ORTIZ DORDA
Data:19/11/2012	Data:20/11/2012	Data:26/11/2012